



INFORMACIÓN IMPORTANTE

En virtude do establecido na Instrución conxunta 9/2017 da secretaría xeral técnica e da dirección de centros e recursos humanos, pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros educativos públicos da comunidade autónoma galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar.

ALUMNOS DE E. INFANTIL, EDUCACIÓN ESPECIAL E DOS CATRO PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA.

Ao rematar as clases lectivas os alumnos serán recollidos nas instalacións do centro educativo polas persoas responsables ás 14:00 ou segundo o establecido nas comunicacións correspondentes a eventos concretos (excursións...).

Os responsables: pais, nais, titores legais, acolletores familiares e proxenitores separados ou divorciados con garda e custodia ao seu favor, **poderán autorizar formal e expresamente a outro adulto ou a un irmán ou irmá que curse 5º ou 6º de educación primaria, educación secundaria, formación profesional ou bacharelato, a recoller ao pequeno, cubrindo unha ficha cos datos persoais da persoa autorizada e entregándoa no centro de ensino.**

No suposto de pais e nais separados ou divorciados, seguirase as determinacións previstas na sentenza xudicial, convenio regulador ou acordo provisional, QUE TERÁN QUE PRESENTAR NO COLEXIO. A persoa encargada de recoller ao alumno será a que teña ao seu favor a garda e custodia do mesmo ou o adulto, irmán ou irmá que curse os niveis descritos anteriormente, aos que ela autorice expresamente, agás nos días de visita asignados ao outro proxenitor, nos cales poderá este recoller ao seu fillo ou a súa filla.

Os responsables, os adultos autorizados ou o irmán ou irmá autorizado expresamente para recollelos **terán a obriga de comunicar ao centro escolar calquera demora** que poidan sufrir. Transcorrido o tempo de demora comunicado sen que aparecieran, efectuarase dende o colexio unha chamada aos responsables do alumno que, de resultar infrutuosa, poderán determinar a condución dos escolares ás dependencias da policía local. A reiteración en máis de catro ocasións desta última circunstancia poderá dar lugar á comunicación dos feitos ao Servizo Provincial de Menores que corresponda, para os efectos da apertura dunha investigación sobre abandono de menores.

En todo caso, os escolares non poderán ausentarse do centro de ensino antes da hora prevista para as distintas saídas, agás que algunha das persoas responsables o comuniquen de xeito motivado no centro, procedendo a recoller ao alumno por eles mesmos ou polo adulto ou irmá ou irmán que cursen os niveis educativos xa sinalados, autorizados expresamente para o efecto.

Recorden ao alumnado que no caso de non estar os responsables no centro á hora da saída deben pasar por secretaría para poñerse en contacto telefónico con estes.



AUTORIZACIÓN PARA A RECOLLIDA DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DE 1º, 2º, 3º E 4º DE PRIMARIA.

CURSO 2020-2021

D./Dª _____

Con DNI _____

- pai nai titor/a legal acolledor/ familiar
 proxenitor separado ou divorciado con garda e custodia ao seu favor

do alumno/a _____

AUTORIZO ás persoas que a continuación se relacionan, a recoller ao alumno/a no horario previsto polo centro escolar, eximindo á Consellería de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poida sufrir.

Nome e apelidos	DNI	Relación co alumno/a

Este documento deberase acompañar da fotocopia do DNI dos autorizados. Se ao longo do curso variasen os autorizados antes citados, deben comunicalo por escrito ao titor, cubrindo unha nova autorización.

Vigo, _____ de _____ de _____

Sinatura:

Devolver asinado antes do día .